



MARTES, 17 DE NOVEMBRO DE 2020 MARTES, 17 DE NOVIEMBRE DE 2020 | BOP NÚMERO 195

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NARÓN

##### Secretaría

*Plan normativo 2020. Aprobación definitiva regulamentos e ordenanzas*

##### ANUNCIO

##### SECRETARÍA XERAL

##### PLAN NORMATIVO 2020

##### APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTOS E ORDENANZAS

O pleno municipal do Concello de Narón na sesión celebrada o 29 de xuño de 2017 prestou aprobación ás directrices sobre a planificación, revisión e procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Narón (*vid.* BOB nº 127, do 6 de xullo de 2017).

Ese mesmo órgano, na sesión celebrada o 31 de outubro de 2019, aprobou o concreto contido do plan normativo para **2020**, no que se recollían as propostas regulamentarias a aprobar neste período, resultando a alcaldía municipal competente para a súa impulsión; prevíndose a súa elevación posterior ao pleno municipal para a súa toma en consideración antes do 31 de outubro de cada ano natural, e a súa posterior publicación no portal municipal de transparencia.

- (I) Efectuados que o foron os devanditos trámites;
- (II) Evacuados, igualmente, un trámite de consulta previa e un trámite de audiencia e información pública na aplicación denominada Narón-Participa <https://www.civiciti.com/es/naron/homepage>.
- (III) Aprobadas inicialmente polo Pleno municipal na sesión celebrada o 24 de setembro de 2020, as distintas normas xurídicas incluídas naquel plan normativo;
- (IV) Sometidas a exposición pública nos termos legalmente previstos mediante anuncio unitario publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 162, de 29 de setembro de 2020;
- (V) Non presentándose durante o devandito período, ningunha alegación fronte a aquellas normas, entendendo pois, de conformidade co disposto no artigo 49 c) da lei 7/1985, de 2 de abril, que resultan definitivamente aprobadas.

A tenor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, públicanse integralmente os devanditos textos normativos a través de edictos individualizados, que entrarán en vigor unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985. O presente acordo poderá impugnarse ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Narón, 12 de novembro de 2020.

A Alcaldesa.-

Ado: Marián Ferreiro Díaz.